



## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 22 DE MARZO DE 2023

### **1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00014905M.**

#### **Ratificación da urxencia da convocatoria.**

Ratifícase a urxencia da convocatoria.

### **2. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2023/00014457V.**

**Aprobación de expediente de suplemento de crédito de importe 42.701,00 €, financiado con baixas por anulación, para dispoñer no exercicio actual da achega municipal necesaria para a execución da nova operación EDUSI denominada “Rutas Campus Stellae: Miradoiro de paisaxe do Pedroso”.**

Acórdase:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de suplemento de crédito baixo o número de expediente 2023-SUPLE-02 por importe de CORENTA E DOUS MIL SETECENTOS UN EUROS (42.701,00 EUROS) para dispor da achega municipal necesaria no exercicio actual (20% da totalidade do proxecto) para a nova operación admitida da EDUSI “Rutas Campus Stellae: Miradoiro de paisaxe de o Pedroso”.

SEGUNDO: Dar traslado ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, para a súa aprobación inicial.

TERCEIRO: Na tramitación deste expediente de suplemento de crédito 2023-SUPLE-02 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente se expoñerá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

CUARTO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de suplemento de crédito 2023-SUPLE-02 se contra el non se formulase ninguna reclamación, e publicarase o resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

### **3. DEPORTES. Referencia: 2022/00054680V.**

**Desestimación da reclamación presentada pola empresa XESTIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS E ESPECTÁCULOS SL de reequilibrio económico do contrato como consecuencia da crise provocada pola COVID 19.**

Desestímase a solicitude presentada no rexistro electrónico pola empresa XESTIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS E ESPECTÁCULOS SL, de data 24.02.2022, na que se reclama ao Concello de Santiago o reequilibrio económico do contrato como consecuencia da crise provocada pola COVID 19.

#### **4. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: 2023/00014499J.**

##### **Aprobación das modificacións do Plan de Seguridade e Saúde do contrato CON/53/2019.**

Apróbanse as modificación do Plan de Seguridade e Saúde do contrato CON/53/2019, que supón:

- A actualización dos apartados do Plan de Seguridade e Saúde inicial: Punto 4.6; Creación de punto 8 "Control de Cambios"; Actualización Anexo I "Funciones del persoal de seguridade na obra"

- Anexo VIII: Asignación Tarefas Operarios. Esta documentación foi presentada pola entidade adxudicataria do contrato de servizo de mantemento e conservación dos sistemas de control, regulación e xestión do tráfico e do túnel urbano do Hórreo, no termo municipal de Santiago de Compostela (Expediente CON/53/2019), KAPSCH TRAFFICOM TRANSPORTATION, S.A.U., o pasado 17 de febreiro de 2023 e informado favorablemente pola Coordinadora de Seguridade e Saúde.

#### **5. AREA IX.- MEDIO RURAL. Referencia: 2023/00014532T.**

##### **Aprobación da creación do Consello do Medio Rural e do seu regulamento de funcionamento.**

Acórdase:

Primeiro. Aprobar o proxecto de Regulamento do Consello do Medio Rural.

Segundo. Elevar ao Pleno da Corporación proposta para a aprobación inicial do Regulamento do Consello do Medio Rural, previo ditame da Comisión Informativa correspondente.

#### **6. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00041630P.**

##### **Adxudicación do contrato do "Servizo de mantemento aplicativo camiños escolares seguros "Colecamiños" á empresa CAFEDERED SOLUTIONS SLU, e reaxustar e comprometer o gasto.**

Acórdase:

Primeiro: Adxudicar o contrato que ten por obxecto *Servizo de mantemento aplicativo camiños escolares seguros "Colecamiños"* á empresa CAFEDERED SOLUTIONS SLU, por un importe total de 5.517,60 € (base imponible: 4.560,00 €, IVE do 21%: 957,60 €).

Segundo: Reaxustar e comprometer o gasto de 5.517,60 € que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 030 92001 2279900 reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade Importe

2023 (9 meses) 2.069,10 €

2024 (12 meses) 2.758,80 €

2025 (3 meses) 689,70 €

**TOTAL 5.517,60 €**

O crédito das anualidades futuras queda condicionado á efectiva consolidación dos recursos nos exercicios orzamentarios correspondentes, ao abeiro do establecido no artigo 174 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de maio, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e no artigo 79 e seguintes do Decreto 500/90.

#### **7. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00055696K.**

##### **Aprobación do expediente de contratación do "Servizo de traballos de actualización do catastro de Santiago de Compostela", cun orzamento base de licitación de 306.363,33 €.**

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o expediente denominado *Servizo de traballos de actualización do catastro de Santiago de Compostela*, cun orzamento base de licitación de 306.363,33 € (base imponible de 253.192,83€ máis IVE do 21% por importe de 253.192,83€).

Segundo: Abrir o procedemento aberto de adxudicación.

Terceiro: Aprobar o gasto correspondente por importe de 306.363,33 €, que se imputará á aplicación orzamentaria 030 93100 2270601, coa seguinte desagregación anual:

2023: 85.100,92 €  
2024: 102.121,11 €  
2025: 102.121,11 €  
2026: 17.020,19 €  
**TOTAL: 306.363,33 €**

No caso de traballos de carácter plurianual, ao abeiro do establecido no artigo 174 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de maio, e no artigo 79 e seguintes do Decreto 500/90, o gasto queda subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento.